



## IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

### Barbadás

Por Resolución da Alcaldía do 26 de outubro de 2021, aprobáronse as Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de traballo para a contratación de persoal laboral interino de profesores/as de Percusión Clásica e Linguaxe Musical para a Escola de Música do Concello de Barbadás. Ábrese a presentación de solicitudes, que será de dez días hábiles, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Xúntanse as bases que rexerán a convocatoria:

Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de traballo para a contratación de persoal laboral interino nas categorías de profesor/a de linguaxe musical e profesor/a de percusión clásica para o Concello de Barbadás

Exposición de motivos

O Concello de Barbadás conta cunha Escola Municipal de Música, servizo que se oferta á cidadanía con diferentes especialidades musicais. Linguaxe Musical e Percusión Clásica están entre as materias que se imparten.

Así mesmo, ao longo de cada exercicio económico, o Concello de Barbadás vese necesitado da contratación de persoal temporal ante necesidades puntuais, urxentes e inaprazables, xa que a falta de docentes suporía a suspensión do servizo.

A constitución da presente bolsa de traballo ten por finalidade establecer un procedemento áxil para a inmediata posta á disposición da Escola Municipal de Música, persoal capacitado necesario para a prestación correcta do servizo, con carácter temporal e sempre que non se conte para iso con persoal propio.

Respectaranse, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Concello de Barbadás, para adaptar a contratación laboral á legalidade vixente, de conformidade coa Lei de orzamentos xerais do Estado e tense en conta a existencia de necesidades urxentes e inaprazables que fan imprescindible a contratación laboral temporal, que lle afectarán a servizos públicos esenciais.

#### 1. Disposicións xerais

Base primeira. Obxecto

1. As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección para crear unha bolsa de traballo para a contratación de persoal laboral, con carácter temporal, que sexa necesario para cubrir as necesidades de persoal da Escola Municipal de Música correspondentes ás categorías profesionais de profesor/a de linguaxe musical e profesor/a de percusión clásica, a condición de que se requira unha cobertura áxil ou urxente para atender a dita demanda.

2. A través deste proceso selectivo, constituirase unha bolsa de traballo para as especialidades sinaladas.

3. Fóra daqueles supostos nos que, en virtude dunha subvención outorgada para o efecto ou outra normativa de referencia así o estableza, a presente bolsa de traballo será a canle única de selección de persoal laboral de carácter temporal dentro del perfil profesional sinalado.

Base segunda. Supostos de aplicación e características do contrato

As necesidades de persoal de carácter temporal correspondentes ás categorías sinaladas que poderán ser cubertas mediante unha das persoas candidatas integradas na bolsa de traballo serán aquelas que se produzan como consecuencia dalgúns dos seguintes supostos:

a) Substitución de persoal laboral en situación de incapacidade temporal.

b) Substitución de persoal laboral durante os períodos de descanso por maternidade, adopción, acollimento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, así como redución de xornada.

c) Substitución de persoal laboral en situación de excedencia, comisión de servizos con dereito a reserva de posto, por baixas por enfermidade, licenzas e permisos ou situación de servizos especiais.

d) Substitución de persoal laboral vítima de violencia de xénero que suspenda o seu contrato de traballo no termos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

e) Substitución de persoal laboral que acceda á xubilación parcial.

f) Excepcionalmente, para executar un programa específico cunha duración inferior a seis meses, a condición de que, debido á súa especialidade ou outras circunstancias, non sexa posible desenvolverlo con persoal municipal. Deberá quedar expresamente xustificado.

g) Excepcionalmente, cando por acumulación de tarefas na actividade normal do servizo así o esixa, cunha duración máxima de seis meses dentro dun período de doce, que contarán desde o momento no que se produzan as ditas causas.

2. Nos casos aos que se refiren as letras a), b), c) e d), utilizarase a modalidade de contratación temporal de interinidade.

Para o suposto ao que se refire a letra e), o contrato temporal utilizado será o de substitución.

Para o suposto ao que se refire a letra f), o contrato temporal utilizado será o de obra ou servizo.

Para o suposto ao que se refire a letra g), o contrato temporal utilizado será o contrato eventual por circunstancias da produción.

4. O contrato temporal realizarase a xornada completa, excepto:

a) Que a persoa traballadora substituída estivese contratada a tempo parcial.

b) Que se realice para complementar a xornada reducida das persoas traballadoras que exercitaron tal dereito.

c) Que se trate dunha das modalidades recollidas na letra f) e g) do apartado anterior, que poderán realizarse a xornada completa ou parcial.

4. A xornada de traballo a tempo completo establecerase segundo normativa e a xornada de cada traballador/a poderá ser continua ou partida en horario de mañá, tarde ou noite e poderanse fixar xornadas de luns a domingo, segundo as necesidades de cada servizo, sen prexuízo do descanso semanal.

A xornada de traballo a tempo parcial poderá ser continuada ou partida en horario de mañá, de tarde ou noite, e poderanse fixar xornadas de luns a domingo, segundo as necesidades de cada servizo, sen prexuízo do descanso semanal.

5. O contrato de interinidade extinguirase por reincorporación do/a traballador/a ou por finalización da causa que deu lugar á reserva do posto de traballo.

O contrato de substitución ao que se refire a letra e) extinguirase cando a persoa traballadora á que se substitúe alcance a idade establecida no apartado 1 do artigo 166 da Lei xeral da Seguridade Social ou, transitoriamente, as idades que establece a disposición vixésima da dita lei.

O contrato de obra ou servizo ao que se refire a letra f) extinguirase por finalización do programa específico, cun prazo máximo de seis meses.

O contrato eventual por circunstancias da produción ao que se refire a letra g) extinguirase no prazo acordado no contrato, cos límites sinalados na devandita letra.



## II. Procedemento de selección

### Base terceira. Requisitos das persoas solicitantes

1. Poderán formar parte do procedemento selectivo para constituír unha bolsa de traballo as persoas solicitantes que reúnan os seguintes requisitos xerais:

a) Ter a nacionalidade española ou nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou estranxeiro, segundo o que establecen o art. 10.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e a súa lexislación de desenvolvemento.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por límite físico ou psíquico que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes.

d) Non ser separado do servizo de calquera das administracións públicas mediante expediente disciplinario nin acharse inhabilitado para desempeñar empregos ou cargos públicos. En caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhábil.

e) Con respecto á titulación, requírese estar en posesión das seguintes titulacións:

- Profesor/a de linguaxe musical: título de bacharelato e grao profesional do conservatorio na especialidade de clarinete.

- Profesor/a de percusión clásica: título de bacharelato e grao profesional do conservatorio na especialidade de percusión clásica.

No caso de ser un título equivalente, deberase achegar a documentación que acredite a equivalencia ou a condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes.

f) Non estar inscrito/a no Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, que depende do Ministerio de Xustiza.

g) De conformidade co que establece o artigo 51.1 da Lei do emprego público de Galicia, para formar parte da listaxe de candidatos/as, será requisito acreditar un coñecemento da lingua galega equivalente ao Celga 4 ou o título equivalente, debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). As persoas que non poidan acreditar documentalmente que están en posesión deste requisito deberán superar a proba de lingua galega que recolle a base sexta.

Todos os requisitos e condicións enumerados nos apartados anteriores deberán reunirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante a vixencia da relación con este concello.

### Base cuarta. Solicitudes e lista das persoas admitidas

No prazo de 10 días hábiles desde que se publiquen as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, as persoas interesadas en participaren no presente proceso selectivo poderán presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Barbadás, sen prexuízo do que establece o art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Estas bases publícanse tamén na web e no taboleiro de edictos do concello.

A solicitude, asinada pola persoa interesada ou polo seu representante legal, formularase no modelo normalizado adxunto como Anexo I, e irá acompañada da seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou documento equivalente, copia compulsada ou orixinal.

- En todo caso, o orixinal ou a copia compulsada ou o resguardo deste da titulación esixida na letra e) da base terceira.

- Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais e non atoparse inhabilitado/a para exercer a función pública.

- Certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, que depende do Ministerio de Xustiza.

- Relación de méritos que se alegue. Non serán valorados os méritos que non se aleguen.

- En todo caso, informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados.

- No seu caso, para acreditar a experiencia laboral no sector público, será necesario presentar o orixinal ou unha fotocopia compulsada dos certificados ou documentos que correspondan, segundo proceda, dos servizos prestados, con indicación da especialidade e categoría profesional, data de inicio e finalización.

- No seu caso, para acreditar a experiencia laboral no sector privado e por conta allea, será necesario presentar, ademais, orixinais ou fotocopias compulsadas dos contratos de traballo nos que conste a categoría profesional e especialidade dos postos desempeñados. En defecto de contrato, poderá presentarse o recibo de nómina ou o certificado de empresa. Se existise contradición entre o contrato e o informe de vida laboral en canto á categoría laboral, estarase á definición que por este concepto figure no contrato laboral. En caso de omitirse a categoría laboral no contrato, estarase ao grupo de cotización que figure no informe de vida laboral.

Unha vez expirado o prazo de presentación das solicitudes, o órgano competente ditará unha resolución en que se aproben as listas provisionais das persoas admitidas e excluídas, que serán publicadas no taboleiro de anuncios deste concello, así como na web municipal ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)) e concederase un prazo de 10 días para emendar as solicitudes e presentar reclamacións. Se transcorre o dito prazo sen que se formule ningunha reclamación, a lista considerárase automaticamente definitiva, sen necesidade dunha nova resolución nin publicación. Así mesmo, xunto á publicación das listas provisionais, será obxecto de publicación a composición do Tribunal cualificador nomeado de conformidade coa base quinta, contra cuxos membros se poderá presentar, no mesmo prazo de dez días hábiles, unha solicitude de recusación ou abstención. Unha vez rematado o prazo de dez días para posibles alegacións, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo, a cal será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios deste concello e na web municipal ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)).

Coa dita lista, publicarase o día e hora da realización da proba de coñecemento da lingua galega, se for precisa.

### Base quinta. Tribunal cualificador

1. O Tribunal cualificador será nomeado mediante decreto da Alcaldía e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. Tenderá, na medida do posible, á paridade entre mulleres e homes, de conformidade co artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

2. O órgano de selección estará composto polo/a presidente/a, catro vogais e un/unha secretario/a.

3. Todos os membros do Tribunal de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para ingresar na praza convocada e deberán ser funcionarios/as de carreira que pertencen ao mesmo grupo/subgrupo ou grupos/subgrupos superiores de entre os que dispón o artigo 76 do Real decreto



lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, con relación á titulación esixida para a categoría profesional á que se refire o procedemento de selección.

4. A pertenza ao tribunal cualificador será sempre a título individual e non se poderá desempeñar esta en representación nin por conta de ninguén.

5. A presidencia coordinará a realización do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade. Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O/a secretario/a actuará con voz pero sen voto.

6. Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de formaren parte del cando concorran as circunstancias que establece o artigo 23 da Lei 34/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e comunicaranllo á Alcaldía. Tampouco poderán ser nomeados membros destes as persoas que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de selección cando entendan que se dan as circunstancias reguladas no artigo 24 da citada lei.

7. A solicitude do Tribunal cualificador poderá disporse a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas. Os/as ditos/as asesores/as colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto.

8. Cando o número de aspirantes así o aconselle, o Tribunal cualificador poderá designar colaboradores/as administrativos/as que, baixo a supervisión do/a secretario/a do Tribunal permitan garantir un desenvolvemento áxil e adecuado do proceso selectivo.

9. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao que dispoñen os artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

10. Contra os actos e decisións do Tribunal cualificador, incluídas as peticións para revisar cualificacións, así como as que imposibiliten a continuación do procedemento para a persoa interesada ou produzan indefensión e se funden en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade que establecen os artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o/a interesado poderán interpor un recurso de alzada ante o alcalde do Concello de Barbadás, de conformidade co que establece o artigo 121.1º da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Base sexta. Procedemento selectivo

1. O procedemento para seleccionar as persoas aspirantes que integrarán a bolsa de traballo será o sistema de concurso de méritos.

2. O concurso consistirá nunha valoración dos méritos alegados, até un máximo de 10 puntos, referidos á experiencia profesional e á formación das persoas aspirantes.

2.1. Experiencia profesional. Máximo 7 puntos

Valorarase o desempeño de funcións similares, con igual ou superior nivel á especialidade ofertada, até un máximo de 7 puntos. Distinguiranse en función da seguinte relación:

- Nas administracións públicas ou en empresa privada ou pública: 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

2.2 Pola realización de cursos ou xornadas relacionadas co contido do posto de traballo: máximo 3 puntos

- Cursos de duración menor a 20 horas: 0,10 puntos por curso

- Cursos de duración entre 20 e 30 horas: 0,20 puntos por curso

- Cursos de duración entre 31 e 40 horas: 0,30 puntos por curso

- Cursos de duración entre 41 e 50 horas: 0,40 puntos por curso

- Cursos de duración entre 51 e 80 horas: 0,50 puntos por curso

- Cursos de duración entre 81 e 100 horas: 0,80 puntos por curso

- Cursos de duración superior a 100 horas: 1 punto por curso

2.3 Por titulación distinta á requirida: ata un máximo de 2 puntos

- Por titulación de grao superior da mesma especialidade: 2 puntos

- Por titulación de grao profesional doutra especialidade distinta á requirida: 1 punto

Só se valorará unha titulación en cada apartado.

Proba de coñecemento da lingua galega:

En aplicación do que dispón o artigo 51.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega no nivel Celga 4 ou equivalente, deberán realizar obrigatoriamente unha proba de galego que consistirá na tradución sen diccionario dun texto proposto previamente polo tribunal, do castelán ao galego, nun tempo máximo de trinta minutos. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto e quedarán excluídas aquelas persoas aspirantes que non superen a proba.

O día e hora da proba da lingua galega, se for precisa, publicarase coa listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as. As cualificacións publicaranse xunto coa valoración provisional dos méritos.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo en primeiro lugar a favor do/a aspirante que obtivese máis puntuación na experiencia profesional. Se persistir o empate, do/a que obtivese maior puntuación en cursos de formación e, en último caso, a favor de quen teña máis idade.

Unha vez realizada a valoración de méritos e, de ser o caso, a cualificación da proba de lingua galega, o Tribunal ditará unha resolución provisional que será publicada no taboleiro de anuncios deste concello e na web municipal ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)), en que se indicará a valoración correspondente. Os/as aspirantes disporán dun prazo de 10 días para formular calquera reclamación sobre a puntuación obtida. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, se as houber, publicarase a orde de cualificación definitiva no taboleiro de anuncios deste concello e na web municipal ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)).

Utilizarase a lista resultante coa orde de puntuación establecida nela como bolsa de traballo.

IV. Funcionamento da bolsa de traballo

Base sétima. Chamamento para a incorporación dunha persoa aspirante

Cando as necesidades do servizo así o requiran e en calquera dos supostos aos que se refire a Base primeira, realizarase sempre o chamamento da persoa candidata da bolsa de traballo con maior cualificación nesta e por estrita orde nela.

No entanto, será posible realizar a selección directa dunha candidata ou candidato da Bolsa que substitúa a un empregado público cando o chamamento se produza polo mesmo feito causante e nun prazo menor a un mes entre a finalización da contratación precedente e o novo chamamento.

No caso de que sexa chamado un candidato da bolsa no suposto ao que fai referencia a letra e) do parágrafo primeiro da base segunda, comprobarase que o/a candidato/a se atopa ins-



crita/a como demandante de emprego. En caso contrario, realízanse sucesivos chamamentos até que unha persoa candidata cumpra a dita condición.

Sen prexuízo do establecido para o procedemento de urxencia, na comunicación da oferta de traballo temporal utilizarase calquera procedemento que garanta a constancia escrita, electrónica ou telefónica da súa recepción, tendo en conta as formas de comunicación cuxa preferencia sexa determinada polos/as candidatos/as como preferentes.

A persoa aspirante chamada disporá, como regra xeral, de vinte e catro horas naturais desde que a reciba, para aceptar ou rexeitar a oferta. Cando se efectúe por medios electrónicos, será de aplicación o que dispón o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

En caso de non existir resposta do aviso, entenderase que se renuncia ao posto e poderase chamar a seguinte persoa candidata da lista.

Base oitava. Formalización do contrato ou resolución de nomeamento.

Unha vez obtida a conformidade do/a interesado/a chamado/a, con carácter previo á formalización, o/a interesado/a deberá realizar un exame médico ou presentar un certificado médico, para o que se outorgará un prazo máximo de cinco días hábiles, co fin de acreditar que o aspirante posúe capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias da categoría. Entenderase que se posúe a dita capacidade funcional cando non se padeza enfermidade nin se estea afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes. O sometemento ao exame médico ou a presentación do certificado, no seu caso, é obrigatorio para o/a interesado/a, e o seu rexeitamento dará lugar á exclusión das listas.

Nos supostos en que o exame ou certificado médico acredite que a persoa aspirante non posúe capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias da categoría, ditarase unha resolución pola que se declare a imposibilidade de realizar o nomeamento e a exclusión da lista do dito aspirante (que en todo caso será obxecto de notificación individualizada ao/a afectado/a).

Unha vez efectuado o trámite médico, o órgano competente ditará unha resolución na que se dispoña o nomeamento, en calidade de funcionario/a interino/a, segundo o que establece o artigo 61 do Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, con expresión da circunstancia que dá lugar ao nomeamento.

Así mesmo, no expediente tramitado deixarase constancia expresa das variacións producidas na bolsa de traballo.

As seccións sindicais con representación no Concello de Barbadás poderán, tras a solicitude, acceder á información relativa ao estado das bolsas, sen prexuízo das precaucións que sexan necesarias, de conformidade coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Base novena. Causas de exclusión da bolsa de traballo

A exclusión dunha persoa aspirante da bolsa de traballo, producirase por algún dos seguintes supostos:

- Solicitude expresa, na que se fará constar o tempo polo que se solicita a exclusión.
- Rexeitamento de oferta de traballo adecuada por causa non xustificada.
- Falta de incorporación ao seu posto de traballo tras a aceptación da oferta por causa non xustificada, excepto o rexeitamento a un chamamento efectuado polo trámite de urxencia.

d) Non superación do período de proba.

e) Por ser sancionado, con carácter firme, por unha falta tipificada como grave ou moi grave.

f) Se tras finalizar o contrato, o/a interesado/a xera dereito a paro.

Para estes efectos, enténdese como causa xustificativa do rexeitamento da oferta ou da falta de incorporación por algún dos seguintes motivos:

a) Enfermidade do/a candidato/a que lle impida desempeñar o posto de traballo, sempre que sexan debidamente acreditadas mediante certificado médico.

b) Maternidade ou paternidade, dentro do período legalmente establecido para gozar do permiso debido á devandita situación.

c) As contratacións noutra empresa ou o nomeamento na Administración.

d) Alta no réxime de autónomos.

e) Coidado de familiares dependentes, que sexan debidamente acreditados, anteriores á data na que se realiza a oferta ou se produce a incorporación.

3A exclusión, segundo o motivo, terá unha duración de:

a) Polo tempo que conste na solicitude se está motivada pola causa 1.a) da presente base.

b) Por un ano, se está motivada polas causas 1. b) e 1.c) da presente base. Unha vez transcorrido o dito prazo, o/a interesado/a deberá solicitar o reingreso na lista.

c) De maneira definitiva, se está motivada polas causas 1.d) e 1.e) da presente base.

d) Por seis meses, se está motivada pola causa 1.f) da presente base. Unha vez transcorrido o dito prazo, o/a interesado/a deberá solicitar o reingreso na lista.

Base décima. Vixencia da bolsa

A bolsa de traballo resultante deste proceso de selección de persoal estará vixente até que se poña en marcha un novo proceso que a substitúa, a actualice ou a modifique.

Base undécima. Actualización da bolsa

Anualmente, abrirase un período, do día 10 ao 20 de xaneiro de cada ano, para a actualización de méritos e a presentación de novas solicitudes, que se publicará na web do concello, o taboleiro de edictos, e a sede electrónica do Concello de Barbadás.

As solicitudes presentadas serán valoradas seguíndose o procedemento establecido nas presentes bases. Os/as solicitantes pasarán a ocupar o lugar que lles corresponda na lista segundo a puntuación obtida.

A nova lista conformada constituirá a bolsa de traballo.

Disposición adicional única

As presentes bases, a convocatoria e canto actos administrativos se deriven dela, poderán, no seu caso, ser impugnados polos/as interesados/as na forma disposta na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normas concordantes, as cales serán indicadas no momento da publicación ou, no seu caso, a notificación destes.

Ao proceso selectivo seralle de aplicación o que establece a Lei 7/1995, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local 781/1986, do 18 de abril; no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, no Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

(Ver anexo páx. 6)



## Anexo I

Solicitud de participación na creación dunha bolsa de traballo para a contratación de persoal laboral temporal na categoría de profesor/a de linguaxe musical e profesor/a de percusión clásica para o Concello de Barbadás

Apelidos e nome:

DNI:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico (para os efectos de notificacións):

Percusión Clásica

Linguaxe Musical.

Unha vez coñecedor/a da convocatoria, manifesto:

- Que desexo participar no procedemento de selección arriba indicado, polo que solicito que sexa admitida a presente solicitude e a documentación que se achega, coa finalidade de participar no dito procedemento.
- Non atoparme afectado/a nun procedemento administrativo ou xudicial que sexa ou poida ser incompatible co exercicio das miñas funcións, así como que posúo a capacidade funcional para desempeñar as tarefas.
- Que non estou incurso/a nos supostos de incompatibilidades que establece a lexislación vixente.
- Que posúo todos os requisitos esixidos nas bases con referencia ao último día de prazo de presentación das solicitudes.
- Que achego o orixinal ou copia compulsada dos seguintes documentos (indíquese cun X o que proceda):
  - DNI.
  - Titulación requirida.
  - Relación de méritos que alego, xunto cos orixinais ou copias compulsadas dos documentos xustificativos.

....., ..... de ..... de 2021

Sinatura

Alcalde do Concello de Barbadás